




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Ría de Ferrol. Concello: Ferrol. Parroquia: San Román de Doniños.  
Extensión: 3,05km<sup>2</sup>

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Fronte costeira lonxitudinal e moi modificada pola construción do Porto exterior de Ferrol, é unha costa acantilada con antigas pequenas praias en calas abertas a partir das fracturas principais do macizo granítico. Cantís de parede basal pequena e vertente con pendente primeiro moderada e máis notable nas partes altas das elevacións, que superan os 200m snm e pechan a unidade preto da liña de costa. Na parte oriental da unidade, a Praia de Cariño aséntase no fondo dun suco tectónico de dirección SO-NE, no que se desenvolveu unha valga con vertentes moi empinadas. Este suco accede ao val de Doniños polo Confurco.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade inclúese no hercínico Macizo de Ferrol, cunha granodiorita postectónica de dúas micas con orientación de fluxo. A cobertura sedimentaria cuaternaria céntrase nos depósitos do fondo do suco tectónico de Cariño-O Confurco.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Temperatura media anual por riba de 14°C e amplitude térmica entre 12,5°C e 13,5°C. As precipitacións acumuladas durante o ano poden chegar a 1200mm sen baixar de 1000mm. Por iso a unidade encóntrase dentro do dominio climático Cálido e Subhúmido.

#### OS SOLOS

Unidade de solos pobres, sobre materiais graníticos e con pendentes variables pero en xeral elevadas. O val de Cariño posúe umbrisois dístrico-lépticos, solos incipientes grazas á dinámica de ladeira. Pero no resto da unidade só se asentan leptosois líticos, polas fortes pendentes que acaban no mar e os frecuentes afloramentos rochosos. Porén, gran parte da metade O contén o porto exterior de Ferrol e, por iso, antrosois.


#### AS AUGAS

Rede fluvial pouco significativa debido á natureza acantilada da unidade e á transformación da paisaxe polo Porto Exterior. Pódese destacar o estreito val de Cariño de natureza tectónica que verte á masa de Augas Costeiras 20125.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Antigamente dentro do LIC Costa Ártabra, foi recualificada para albergar o Porto Exterior de Ferrol. Nos mínimos treitos de costa aínda sen transformar aparece o hábitat 1230, "Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas". Vertentes con matos dos hábitats 4030, "Breixos secos europeos" e 4040, "Breixos secos atlánticos costeiros de Erica vagans". Os afloramentos graníticos introducen o ambiente do grupo 82, "Pendentes rochosas con vexetación casmofítica". A unidade recolle o angosto val de Cariño, en cuxa parte central aparecen frondosas de recolonización sen formar masas salientables.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Os usos do solo presentes nesta pequena e estreita unidade distribúense, desde o interior até as instalacións portuarias, do seguinte modo: As ladeiras de pendente acusada que pechan o val están ocupadas por arboredo de repoboación, na contorna do pequeno núcleo de Confurco. Unha mancha que quedou fragmentada pola vía de acceso ao Porto, a N-655. Este uso vai ocupando boa parte das ladeiras deste angosto val até chegar ás inmediacións da estreita cala de Cariño. Na vertente esquerda do val existe unha extensión compacta de matogueira de ericáceas-queirogais, mentres que na oposta o que predominan son os breixos atlánticos. O fondo de val acolle un uso residencial disperso moi próximo ao reducido areal de Cariño. E, por suposto, queda citar a grande extensión ocupada polas obras do porto exterior de Ferrol e a vía de acceso ao mesmo que secciona todo o val.

#### MORFOLOXÍA

Na unidade localízase o núcleo tradicional de Confurco, o tramo alto do val que, a modo de porto, comunica o val de Doniños e a praia de Cariño. Nas proximidades desta cala desenvolveuse un agrupamento de vivendas espontáneas alleas a usos tradicionais. Resulta necesario distinguir, por unha banda, as formas naturais caracterizadas pola acusada pendente das ladeiras do angosto val que desemboca nunha pequena cala con depósito de finos.; e por outra, a intensa transformación que na morfoloxía da unidade supuxeron as obras do porto exterior. Entre os elementos máis importantes das mesmas pode destacarse un dique de 1.105 m de lonxitude, no que se utilizaron 330.000 m3 de bloques de formigón; e un peirao, de 858 m de lonxitude, con 70.000 m3 de caixóns de formigón.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O porto do Ferrol, un dos máis importantes do norte de España, vía moi limitadas as súas posibilidades de ampliación por diferentes causas. En consecuencia, decidiuse construír un novo situado máis ao exterior da ría de Ferrol. Xunto á estreita estrada asfaltada que comunica o alto do Confurco coa praia de Cariño e o faro de Cabo Prioriño Chico, hai que destacar a recente vía de acceso ao Porto exterior, a N-655 que o comunica coa rede principal de estradas de Ferrol.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

O Faro de Prioriño Chico atópase situado na entrada da ría de Ferrol no seu extremo occidental nunha paisaxe abrupta onde domina o granito e a roca pelada. Tras a súa construción, pronto se viu que non alumaba ben a boca, polo que houbo de situar unha pequena luz na punta do Segafío no ano 1854. No ano 2008 finalizáronse as obras de rehabilitación do edificio e da vivenda do fareiro, acondiciónase tamén todo o exterior e constrúese na zona un Centro de Interpretación, ao fío da rehabilitación da batería de Punta Viñas, instalada nas inmediacións do cabo. A batería militar das Viñas (BIC) que data de finais do século XVIII, foi trasladada no ano 2007 cara ao faro de Cabo Prioriño para dar cabida ás instalacións portuarias.

O inventario de patrimonio cultural é prolixo en numerosas mámoas catalogadas nas ladeiras dos Montes de Brión, así como as de Monteventoso. Existe un depósito romano de Cariño e diversos restos prehistóricos tales como a escotadura paleolítica de Cariño, e presenza de arquitectura militar na batería de Cariño.



**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

O carácter desta unidade viuse alterado de maneira irreversible coa construción do porto exterior e infraestruturas asociadas que romperon a lectura paisaxística da unidade, caracterizadas até ese momento polas formas dun angosto e empinado val que saía ao mar a través da cala de Cariño que acabou por exercer de foco de atracción para a edificación de vivendas unifamiliares que debuxaron un desenvolvemento espontáneo nas súas inmediacións.

**DINÁMICA DA PAISAXE**

De novo hai que recorrer ás transformacións derivadas das infraestruturas portuarias e as súas vías de acceso para caracterizar as dinámicas da paisaxe desta unidade que se viu intensamente alterada desde o punto de vista paisaxístico. Estas modificaron todo o perfil do Cabo Prioriño, provocando unha enorme cicatriz e uns noiros de indubidable impacto ecolóxico e paisaxístico. Un impacto que se estende ás zonas veciñas como consecuencia da conca visual que define unha obra de tales dimensións.

**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

A valoración da paisaxe desta unidade está fortemente condicionada pola profunda transformación que representou as obras portuarias que vimos citando na descrición da presente unidade. O severo impacto visual condicionou non só a panorámica propia deste recuncho da ría senón o conxunto da mesma. No entanto, o porto exterior de Ferrol, debido á súa estratéxica localización na zona de entrada da Ría é un enclave único para comprender a paisaxe e as dinámicas da Ría de Ferrol. Desde A contorna do faro de Cabo Prioriño Chico, desde o espigón do Porto ou as instalacións militares abandonadas de Doniños pódese observar a singular paisaxe de costa accidentada conformado pola praia de Doniños e a lagoa de Doniños, a enseada de Cariño, os castelos de San Felipe e A Palma e as impresionantes vistas panorámicas que se poden ver da ría e da cidade de Ferrol.





## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



